



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

**ASUNTO: DECLARACIÓN DESERTO PROCESO SELECTIVO DUN DOCENTE/ FORMADOR DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (AFD)**

EXPEDIENTE: 2025/G003/000041

O 29.11.2024 por resolución da alcaldía núm. 1386/2024 aprobáronse as bases e convocatoria para a selección dun/ha formador/titor de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais dentro do programa formativo para o emprego (AFD). A dita convocatoria foi publicada no BOP 233 do 03.12.2024 (corrección erros 10.12.2024 BOP núm. 237).

O 10.01.2025 por resolución da alcaldía núm. 20/2025 publicouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e data de comezo do proceso selectivo. A lista definitiva contaba con dúas persoas admitidas.

O 12.01.2025, Dna. Helena Varela Castro presenta a súa renuncia a continuar no proceso selectivo (registro núm. 202599900000047) polo que só se continua o proceso cunha aspirante.

Despois de celebrada a fase de oposición e publicada a acta cas puntuacións outorgadas polo tribunal o 21.01.2025 (núm registro 202599900000090), Dna, Verónica López Raffles, á única aspirante que se presentou e superou o proceso selectivo, presenta a súa renuncia á praza convocada.

Polo anteriormente exposto e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Declarar deserto o proceso selectivo dun docente de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (AFD) do expediente 2024/E001/000028.

**Segundo.-** Visto o expediente 2025/E001/000001 xa hai un novo proceso selectivo para cubrir o posto de decente de atención socio sanitaria.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo elo sen perxucio de calquera outro recurso o acción que estime procedente.

